

RESOLUCIÓN DO 25 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE ABRE UNHA CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN 2024-2025

O programa IACOBUS é un Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde coa intención de dar un paso mais cara a configurar un auténtico espazo de integración interrexional entre as Universidades e outras institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O IACOBUS é unha acción impulsada pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal que provén das prioridades definidas no Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2021-2027 (PIC 21-27) e das estratexias establecidas pola Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (RIS3-T). Conta co apoio da Unión Europea mediante cofinanciamento do Programa INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, a través do proxecto 0030_RED_IACOBUS_1_E.

IACOBUS ten como obxectivo principal fomentar a cooperación e o intercambio entre os recursos humanos de institucións de Ensino Superior e Centros Tecnolóxicos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para a posta en común de actividades formativas, investigadoras e divulgativas, a través dun sistema de intercambio transfronteirizo de profesores, investigadores, persoal administrativo e de servizos, xestores da innovación e técnicos de I+D+i entre as institucións de Ensino Superior que asinaron o *“Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”* en Vigo, o día 11 de abril de 2014 e os Centros Tecnolóxicos que subscribiron a súa inclusión neste Protocolo na addenda asinada o día 14 de setembro de 2018 en Porto.

Ao abeiro da resolución do 11 de decembro de 2020, pasan a formar parte do Programa IACOBUS Estancias de Investigación as Fundacións, Centros Académicos Clínicos e Institutos de Investigación de Saúde da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que están asociados ás Universidades que integran o IACOBUS -consultar listado destas novas entidades na [páxina 4](#)-.

O Programa IACOBUS promove medidas en prol da igualdade de oportunidades, reservando un 5% das estancias de investigación para persoas con diversidade funcional que acrediten, mediante certificado, un grao de a lo menos un 33% de discapacidade, sempre que superen a nota de corte definida pola Comisión de Avaliación.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia–Norte de Portugal (GNP, AECT), como entidade xestora do Programa IACOBUS,

RESOLVE:

Publicar esta convocatoria do Programa IACOBUS de acordo coas seguintes Bases:

BASES

1. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poden optar a participar neste programa:

- No caso das Universidades e institucións de Ensino Superior:
 - Persoal docente e investigador (**PDI**).
 - Investigadores pre-doutorais ou post-doutorais con relación de investigación en vigor (integrados nun grupo de investigación) cunha Universidade ou outra institución de Ensino Superior das especificadas posteriormente (**Investigador**).
 - Persoal administrativo e de servizos (**PAS**).

- No caso dos Centros Tecnolóxicos:
 - Investigador ou xestor de proxectos de I+D+i con polo menos 5 anos de experiencia acreditada nestas tarefas (**Xestor da Innovación**).
 - Persoal con funcións de investigación ou xestión de proxectos de I+D+i que non acaden os 5 anos de experiencia acreditada nestas tarefas (**Técnico de I+D+i**).

Os participantes deberán ter contrato / relación investigadora en vigor durante o período de realización do intercambio, así como estar en condicións de poder traballar no país no que se solicita a estancia. Os participantes deberán estar en condicións de cumprir os requisitos necesarios para ser beneficiarios dunha axuda no país de orixe.

Este persoal debe desempeñar as súas funcións nalguna das Universidades, institucións de Ensino Superior ou Centros Tecnolóxicos radicados no territorio da Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal dos citados a continuación:

GALICIA

NORTE DE PORTUGAL

UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS DE ENSINO SUPERIOR

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	UNIVERSIDADE DO PORTO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	UNIVERSIDADE DO MINHO
UNIVERSIDADE DE VIGO	UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO
	UNIVERSIDADE CATÓLICA PORTUGUESA – CENTROS REGIONAIS DO PORTO E DE BRAGA
	INSTITUTO POLITÉCNICO DO PORTO
	INSTITUTO POLITÉCNICO DE VIANA DO CASTELO
	INSTITUTO POLITÉCNICO DE BRAGANÇA
	INSTITUTO POLITÉCNICO DO CÁVADO E DO AVE

CENTROS TECNOLÓXICOS

AIMEN CENTRO TECNOLÓGICO	CATIM - CENTRO DE APOIO TECNOLÓGICO À INDÚSTRIA METALOMECÂNICA
CTAG - CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA	CEIIA - CENTRO DE ENGENHARIA E DESENVOLVIMENTO
CENTRO TECNOLÓGICO ENERGYLAB - EFICIENCIA ENERGÉTICA Y SOSTENIBILIDAD	CTCOR - CENTRO TECNOLÓGICO DA CORTIÇA
GRADIANT - CENTRO TECNOLÓGICO DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA	CVR - CENTRO PARA A VALORIZAÇÃO DE RESÍDUOS
INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	INEGI - INSTITUTO DE CIÊNCIA E INOVAÇÃO EM ENGENHARIA MECÂNICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL
CETAQUA - CENTRO TECNOLÓGICO DEL AGUA	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIÊNCIA
CETIM - CENTRO TECNOLÓGICO DE INVESTIGACIÓN MULTISECTORIAL	INL - INTERNATIONAL IBERIAN NANOTECHNOLOGY LABORATORY
CESGA - CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA	ISQ - INSTITUTO DE SOLDADURA E QUALIDADE
CETMAR - CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR	PIEP - ASSOCIAÇÃO PÓLO DE INOVAÇÃO EM ENGENHARIA DE POLÍMEROS
CIS MADEIRA	CTCP - CENTRO TECNOLÓGICO DO CALÇADO DE PORTUGAL
CIS GALICIA	
CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	

As Fundacións, Centros Académicos Clínicos e Institutos de Investigación en Saúde que pasan a forma parte do Programa IACOBUS son:

- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), vinculada á Universidade de Santiago de Compostela;
- Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, vinculada á Universidade da Coruña;
- Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, vinculada á Universidade de Vigo;
- Instituto de Investigaçã e Inovaçã em Saúde (i3S), vinculado á Universidade do Porto;
- Centro Clínico Académico - Braga (2CA-Braga), vinculado á Universidade do Minho;
- Centro Académico Clínico ICBAS – CHP, vinculado á Universidade do Porto.

A efectos de participar na convocatoria, as Fundacións, os Centros Académicos Clínicos e os Institutos de Investigación de Saúde son considerados como parte das Universidades ás que están vinculados. No proceso de candidatura, as Fundacións, os Centros Académicos Clínicos e os Institutos de Investigación en Saúde, deberán ser identificados polos candidatos, tanto nos Anexos como na Plataforma Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu), como Departamento da Universidade á que están vinculados.

Os solicitantes deberán formular a súa candidatura para unha das institucións antes citadas que sexa dun país distinto ao da súa de orixe.

Tódolos anexos e documentos, solicitados na candidatura, deberán vir asinados cunha sinatura dixital expedida a través dun sistema de identificación electrónica incluído na lista publicada pola Comisión Europea (LOTL) <https://esignature.ec.europa.eu/efda/tl-browser/#/screen/home>

2. ORZAMENTO, DURACIÓN E PERÍODO

O orzamento desta convocatoria do Programa IACOBUS é de **150.000 €**, dos que 60.000 € son para PDI, 60.000 € para Investigadores, 10.000 € para PAS, 10.000 € para Xestores da Innovación e 10.000 € para Técnicos de I+D+i. Esta distribución, ben como o orzamento total do Programa IACOBUS, poderá ser modificada pola GNP, AECT en función das necesidades. A modificación publicarase na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) e na Web da GNP, AECT (www.gnpaect.eu).

O Programa IACOBUS dispón de tres modalidades de pagamento, en función da persoa beneficiaria:

- a. PDI (Universidades; Institutos Politécnicos) ou Xestor da Innovación (Centros Tecnolóxicos): Percibirá unha cantidade de 600 € por cada semana de estancia, que terá unha duración mínima dunha semana e máxima de dúas semanas.
- b. PAS (Universidades; Institutos Politécnicos): Percibirá unha cantidade de 600 € por semana, sendo a única opción de estancia unha semana de duración.
- c. Persoal investigador (Universidades; Institutos Politécnicos) ou Técnico de I+D+i (Centros Tecnolóxicos): Percibirá unha cantidade de 800 € por cada mes de estancia na Universidade ou institución de destino. A estancia mínima será dun mes e a máxima de tres meses.

As axudas económicas do Programa IACOBUS son incompatibles unicamente coas percepcións de outras remuneracións en concepto de gastos de desprazamento, aloxamento ou manutención.

As estancias da Convocatoria do Programa IACOBUS deberanse levar a cabo **dende o día 1 de marzo ata o día 31 de xullo de 2025**.

3. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA A CANDIDATURA

A documentación obrigatoria para a formalización da candidatura, só pode ser presentada en idioma galego, castelán ou portugués:

- a. **Fotocopia do DNI/BI/CC/Pasaporte**. A fotocopia deberá ter obrigatoriamente a sinatura dixital do candidato expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL);
- b. **Curriculum Vitae**, en formato “Europass”. A copia do Curriculum Vitae deberá ter obrigatoriamente a sinatura dixital do candidato expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL);
- c. **Contrato/Documento de vínculo coa institución de orixe**, en vigor durante os períodos de candidatura e de realización da estancia. A copia do Contrato/Documento de vínculo coa institución de orixe deberá ter

obligatoriamente a sinatura dixital do candidato expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL);

- d. **Anexo I: Carta de aceptación da Institución de destino da estancia**, con tódolos campos do formulario debidamente cubertos e asinada con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL) do representante da institución autorizado;
- e. **Anexo II: Carta de autorización da institución de orixe para a estancia**, con tódolos campos do formulario debidamente cubertos e asinada con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL) do representante da institución autorizado.
- f. No caso de persoas con diversidade funcional, achegarase o certificado acreditativo da mesma no apartado “información complementaria” do formulario de candidatura na plataforma.

4. PROPOSTAS DE INTERCAMBIOS

Cada candidato deberá contactar coa institución de destino (dentro dos listados no apartado 1) onde quere realizar a súa estancia acordando as datas, a duración da estancia e o tema de estudo.

As Cartas de Aceptación (ANEXOS I e II) das institucións de orixe e destino son unha condición indispensable para a aceptación das candidaturas ao Programa IACOBUS.

Para obter o ANEXO II, no caso dos participantes con contratos de traballo/investigación asinados con outras entidades financiadoras, pero que desenvolvan traballo/investigación nas Universidades ou Institucións de Ensino Superior participantes no IACOBUS, deberán obter un parecer escrito destas últimas que confirme a súa elixibilidade para participar no Programa IACOBUS.

5. PRESENTACIÓN E ACEPTACIÓN DE CANDIDATURAS

Esta convocatoria rexerese polos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

A elaboración e presentación das candidaturas efectuarase unicamente a través da plataforma que o Programa IACOBUS dispón na súa páxina Web (iacobus.gnpaect.eu), a partir do **día 25 de novembro de 2024 e ata o día 23 de decembro de 2024 ás 14:00 h (hora española)**. Poderanse empregar exclusivamente os idiomas galego, castelán ou portugués no desenvolvemento das candidaturas e na documentación esixida pola plataforma Web.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fora de prazo ou sen os anexos debidamente cubertos e asinados con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL). Tampouco se admitirán as que non teñan debidamente cuberto o formulario de solicitude da plataforma Web.

Cada candidato só poderá presentar unha solicitude e para unha soa estancia. A presentación da solicitude implica que o interesado declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que todos os datos son certos e que autoriza a comprobación dos mesmos.

Trala presentación da solicitude, a plataforma informará da aceptación ou non aceptación de cada candidatura. Se na plataforma se indica “candidatura recibida” no campo “Estado da candidatura”, a mesma pasará directamente á fase de avaliación (ver apartado 6 “selección de candidatos”). Se a solicitude non reúne todos os requisitos establecidos nesta convocatoria (a plataforma indicará “candidatura incorrecta” no campo “Estado da candidatura”), requirirase ao interesado para que no prazo de dez días hábiles emende os erros achegando a documentación preceptiva. Se transcorrido este prazo non se corrixe satisfactoriamente a solicitude, a candidatura será excluída definitivamente e non avanzará á fase de avaliación, o que se comunicará ao interesado a través da plataforma. Non poderá recorrerse esta decisión da Comisión de Avaliación ata a resolución desta convocatoria.

6. SELECCIÓN DAS CANDIDATURAS

As solicitudes serán valoradas por unha Comisión de Avaliación. A composición da Comisión é a seguinte:

- 1 Presidente: designado pola dirección da GNP, AECT;
- 3 Vogais:

- Un representante designado polo Director Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia;
 - Un representante designado polo Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N);
 - Un representante designado pola Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER), en representación da rede de Universidades da Eurorrexión.
- 1 Secretario: un traballador da GNP, AECT.

A Comisión avaliará o proxecto presentado de acordo co baremo que figura no ANEXO VIII.

Os proxectos deben ser congruentes coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no **PIC 21-27** e na **RIS3-T**.

No caso de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, a Comisión de Avaliación eliminará aquela que teña unha menor puntuación final.

Ademais, a Comisión tentará manter unha proporcionalidade entre as institucións incluídas no apartado 1 aínda que como queira que unha das finalidades deste programa é fomentar o intercambio entre as distintas institucións da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal participantes, fomentárase que todas as recollidas no apartado 1 da convocatoria envíen ou reciban polo menos a un solicitante. Así mesmo buscarase manter a paridade entre homes e mulleres.

Asemade, a Comisión poderá reducir o prazo de duración das estancias, en función das características do proxecto e das dispoñibilidades orzamentarias.

Terán preferencia aqueles candidatos que non desfrutaran das anteriores convocatorias do Programa IACOBUS. Os candidatos que teñan sido seleccionados consecutivamente nas dúas últimas convocatorias, soamente poderán ser seleccionados en caso de que haxa dispoñibilidade orzamentaria.

No seu caso a Comisión poderá establecer listas de espera para aqueles candidatos que por dispoñibilidades orzamentarias non puideran ter sido atendidos.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A GNP, AECT publicará na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) a **relación provisional das candidaturas seleccionadas e concederase un período de reclamación ou alegacións de 10 días hábiles**. Tras este período, fará pública unha resolución motivada con as candidaturas seleccionadas, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

8. ACREDITACIÓN DA ESTANCIA E PAGAMENTO

Unha vez realizada a estancia, os beneficiarios deberán subir á plataforma Web do Programa IACOBUS, **no prazo máximo de dúas semanas a partir do remate da estancia**, un informe asinado polo beneficiario con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL) que evidencie o traballo desenvolvido (ANEXO IV), xunto cunha acreditación asinada pola institución receptora con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL), de que se ten realizado a estancia aprobada (ANEXO III).

Unha vez recibida e avaliada esta documentación pola GNP, AECT, esta procederá a efectuar o pagamento acordado. O beneficiario ten a obriga de cargar na plataforma Web do Programa IACOBUS, o ANEXO V asinado polo beneficiario con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL) e un documento (recibo ou xustificante bancario) no que figure o nome do titular, o IBAN e o importe ingresado, que acredite ter recibido o pagamento. A aportación destes documentos son condición indispensable para poder descargar dende a plataforma o certificado de ter formado parte do Programa IACOBUS.

9. OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Trala publicación da resolución definitiva de seleccionados, estes deberán **manifestar a súa aceptación ou non na plataforma Web do Programa IACOBUS no prazo de 5 días hábiles**. Pasado ese prazo, se o seleccionado non presentase nin aceptación nin renuncia, entenderase a súa renuncia á praza. Os destinos vacantes poderán ser adjudicados directamente pola GNP, AECT aos seguintes candidatos da lista referida no apartado 6.

Os beneficiarios do IACOBUS seguirán cubertos polos seguros e mecanismos legais de apoio na saúde de que dispuxesen ata entón, non sendo da responsabilidade do Programa e da súa entidade xestora os compromisos de gastos nestas materias, en caso de doenza, accidentes ou sinistros.

A participación no Programa IACOBUS implica que os seus beneficiarios directos aceptan xustificar as estancias e os importes recibidos, presentando os respectivos documentos xustificativos debidamente asinados: ANEXO III e ANEXO IV (xustificantes da estancia); ANEXO V e xustificante bancario do importe recibido (xustificantes do pagamento recibido). O informe sobre a estancia do ANEXO IV poderá ser publicado na Web do IACOBUS.

Os retrasos na incorporación ou as ausencias temporais requirirán autorización previa das institucións de destino e orixe, e deberá comunicarse esta circunstancia á GNP, AECT. Ante a eventualidade de cambio nas datas da estancia, os beneficiarios do IACOBUS terán que enviar, antes da data de estancia prevista inicialmente na súa candidatura, por correo electrónico a gnpaect@gnpaect.eu, novos documentos (ANEXOS I e II) asinados con sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL), nos que figuren as novas datas de estancia.

Se o candidato, tras ter aceptado participar no IACOBUS, desexa renunciar á súa estancia, deberá indicalo así na Plataforma Web, e cubrir e subir o ANEXO VI co motivo da renuncia.

Todo beneficiario que co motivo da súa estancia desenvolva algún artigo, relatorio, proxecto, investigación, estudo, ou similar, deberá citar expresamente o Programa IACOBUS, dada a súa contribución para a realización de devandito traballo, e comunicalo á GNP, AECT.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a GNP, AECT é responsable. Os datos dos candidatos serán tratados exclusivamente coa finalidade de incorporalos ao proceso de selección da presente convocatoria.

O candidato poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu documento de identidade á GNP, AECT.

11. REVOGACIÓN

No caso de que non se leve a cabo a estancia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o beneficiario perderá o dereito a percepción acordada pola GNP, AECT, e deberá devolver a contía do eventualmente percibido por este concepto. A GNP, AECT terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta convocatoria.

12. DISPOSICIÓN FINAL

O aproveitamento deste programa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a GNP, AECT e os beneficiarios.

Esta convocatoria entrará en vigor o mesmo día da súa publicación, na plataforma Web do Programa IACOBUS.

LISTADO DE ANEXOS IACOBUS ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN 2024-2025

ANEXO I. Carta de aceptación da institución de destino - IACOBUS Estancias de investigación	13
ANEXO II. Carta de autorización da institución de orixe - IACOBUS Estancias de investigación	14
ANEXO III. Declaración da institución de destino da estancia - IACOBUS Estancias de investigación	14
ANEXO IV. Informe da estancia - IACOBUS Estancias de investigación	16
ANEXO V. Declaración de xustificación do pagamento - IACOBUS Estancias de investigación	17
ANEXO VI. Declaración de renuncia - IACOBUS Estancias de investigación	18
ANEXO VII. Listado de asinantes autorizados por institución participante	19
ANEXO VIII. Baremo.....	20

ANEXO I. Carta de aceptación da institución de destino - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

A Institución de Destino (nome):

Representada por*

Nome:

Cargo:

*Consultar quen pode asinar por cada institución no [Anexo VII](#)

Que participa no IACOBUS Estancias de Investigación, declara que **APROBA a solicitude** para a realización dunha estancia de investigación nesta Institución:

Do(a) Candidato(a)

NOME (completo):

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación/ Técnico de I+D+i):

Institución de Orixe:

Departamento de Orixe:

Dunha Estancia

No departamento de destino:

No que será recibido(a) por (persoa de contacto):

Que se realizará nas seguintes datas (pode dividir a estancia en 2 períodos separados como máximo):

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

Sinatura dixital
(Representante da Institución)

Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO II. Carta de autorización da institución de orixe - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

A Institución de Orixe (nome):

Representada por*

Nome:

Cargo:

*Consultar quen pode asinar por cada institución no [Anexo VII](#)

Que participa no IACOBUS Estancias de Investigación, declara que **AUTORIZA a solicitude** para a realización dunha estancia de investigación:

Do(a) Candidato(a)

NOME (completo):

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación/ Técnico de I+D+i):

Institución de Orixe:

Departamento de Orixe:

Dunha Estancia

No departamento de destino:

No que será recibido(a) por (persoa de contacto):

Que se realizará nas seguintes datas (pode dividir a estancia en 2 períodos separados como máximo):

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

Sinatura dixital
(Representante da Institución)

Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO III. Declaración da institución de destino da estancia - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

A Institución de Destino (nome):

Representada por*

Nome:

Cargo:

*Consultar quen pode asinar por cada institución no [Anexo VII](#)

Que participa no IACOBUS Estancias de Investigación, declara que **foi REALIZADA** unha estancia de investigación:

Polo(a) Beneficiario(a)

NOME (completo):

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación/ Técnico de I+D+i):

Institución de Orixe:

Departamento de Orixe:

Unha Estancia

No departamento de destino:

No que foi recibido(a) por (persoa de contacto):

Que foi realizada nas seguintes datas:

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

Sinatura dixital
(Representante da Institución)

Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO IV. Informe da estancia - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

O(A) Beneficiario(a)

NOME completo:

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación / Técnico de I+D+i):

Institución de Orixe:

Departamento de Orixe:

DECLARA:

Que realizou unha estancia no ámbito do IACOBUS Estancias de Investigación, na

Institución de Destino:

Departamento de Destino:

No que foi recibido(a) por (persoa de contacto):

Unha estancia nas datas:

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

INFORME DO TRABALLO REALIZADO (Mín. 3.000 caracteres e máx. 6.000 caracteres)

CONTIDO OBRIGATORIO:

- Descrición do traballo efectuado (Mín. 1.000 caracteres e máx. 2.000 caracteres).
- Conclusións e Potenciais traballos a desenvolver (Mín. 1.000 caracteres e máx. 2.000 caracteres).
- Importancia da estancia na Institución de destino e contribución para o seu traballo/investigación (Mín. 1.000 caracteres e máx. 2.000 caracteres).

Sinatura dixital
(Beneficiario do IACOBUS)



Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO V. Declaración de xustificación do pagamento - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

O(A) Beneficiario(a)

NOME completo:

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación / Técnico de I+D+i):

Da Institución de Orixe

Nome:

Departamento:

DECLARA que recibiu o importe de _____ € pola súa participación no Programa IACOBUS Estancias de Investigación a través unha estancia de investigación na

Institución de Destino:

Departamento de Destino:

Unha estancia nas datas:

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

Sinatura dixital
(Beneficiario do IACOBUS)

Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO VI. Declaración de renuncia - IACOBUS Estancias de Investigación 2024-2025

O(A) Beneficiario(a)

NOME completo:

Función (PDI / Investigador / PAS / Xestor de Innovación / Técnico de I+D+i):

Da Institución de Orixe

Nome:

Departamento:

Declara que **RENUNCIA** á súa participación no Programa IACOBUS a través dunha estancia de investigación na

Institución de Destino:

Departamento de Destino:

Unha estancia nas datas:

- desde o DD/MM/AAAA ata o DD/MM/AAAA
-
- sendo unha estancia de _____ (especificar período total da estancia en semanas ou meses).

polo **MOTIVO**:

Sinatura dixital
(Beneficiario do IACOBUS)

Data: En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos do formulario e asinalo cunha sinatura dixital expedida por un sistema de identificación electrónica da lista publicada pola Comisión Europea (LOTL).

ANEXO VII. Listado de asinantes autorizados por institución participante

Información en constante actualización. Consulte a última versión deste listado no seguinte enlace: [Listado asinantes autorizados](#)

ANEXO VIII. Baremo

1. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

A) PROXECTO

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- Contido do Proxecto (0 a 6 puntos):
 - Interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado;
 - Beneficio engadido do proxecto para a integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal;
 - A orixinalidade do proxecto;
 - Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:
 - O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación;
 - A mellora da competitividade das PEMES;
 - A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos;
 - A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos;
 - A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A xustificación da congruencia coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no PIC 21-27 e/ou na RIS3-T (0 a 4 puntos).

A puntuación máxima que se pode dar neste apartado de Proxecto é de 10 puntos.

B) SELECCIÓN

As candidaturas seleccionadas serán as que, dentro da súa categoría, teñan no Contido do Proxecto e na congruencia con o PIC21-27/RIS3T nota igual ou superior ás notas de corte definidas pola Comisión de Avaliación.

Para dirimir empates nas puntuacións obtidas por dous ou máis candidaturas, na situación de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, ou por indispoñibilidade financeira, a Comisión de Avaliación seleccionará aquela que teña unha maior puntuación total nos seguintes apartados de avaliación:

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Master ou posgrao universitario relacionado, de 60 ECTS (ou até 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,5 puntos; máis de 60 ECTS (ou máis de 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,75 puntos.
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos.

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas co proxecto a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Experiencia profesional en docencia ou investigación universitaria: 0,5 puntos por cada seis meses.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

2. PERSOAL INVESTIGADOR (pre-doutorais ou post-doutorais)

A) PROXECTO

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- Contido do Proxecto (0 a 6 puntos):
 - Interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado;
 - Beneficio engadido do proxecto para a integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal;
 - A orixinalidade do proxecto;
 - Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:
 - O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación;
 - A mellora da competitividade das PEMES;
 - A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos;
 - A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos;
 - A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A xustificación da congruencia coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no PIC 21-27 e/ou na RIS3-T (0 a 4 puntos).

A puntuación máxima que se pode dar neste apartado de Proxecto é de 10 puntos.

B) SELECCIÓN

As candidaturas seleccionadas serán as que, dentro da súa categoría, teñan no Contido do Proxecto e na congruencia con o PIC21-27/RIS3T nota igual ou superior ás notas de corte definidas pola Comisión de Avaliación.

Para dirimir empates nas puntuacións obtidas por dous ou máis candidaturas, na situación de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, ou por indispoñibilidade financeira, a Comisión de Avaliación seleccionará aquela que teña unha maior puntuación total nos seguintes apartados de avaliación:

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Master ou posgrao universitario relacionado, de 60 ECTS (ou até 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,5 puntos; máis de 60 ECTS (ou máis de 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,75 puntos.
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos.

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas co proxecto a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Experiencia profesional en docencia ou investigación universitaria: 0,5 puntos por cada seis meses.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

3. PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS (PAS)

A) PROXECTO

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- Contido do Proxecto (0 a 6 puntos):
 - Interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado;
 - Beneficio engadido do proxecto para a integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal;
 - A orixinalidade do proxecto;
 - Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:
 - O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación;
 - A mellora da competitividade das PEMES;
 - A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos;
 - A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos;
 - A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A xustificación da congruencia coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no PIC 21-27 e/ou na RIS3-T (0 a 4 puntos).

A puntuación máxima que se pode dar neste apartado de Proxecto é de 10 puntos.

B) SELECCIÓN

As candidaturas seleccionadas serán as que, dentro da súa categoría, teñan no Contido do Proxecto e na congruencia con o PIC21-27/RIS3T nota igual ou superior ás notas de corte definidas pola Comisión de Avaliación.

Para dirimir empates nas puntuacións obtidas por dous ou máis candidaturas, na situación de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, ou por indispoñibilidade financeira, a Comisión de Avaliación seleccionará aquela que teña unha maior puntuación total nos seguintes apartados de avaliación:

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos.
- Título de técnico superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.
- Título de técnico de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Experiencia profesional nas Universidades ou Institucións de Ensino Superior: 0,5 puntos por cada seis meses.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

4. XESTOR DA INNOVACIÓN

A) PROXECTO

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- Contido do Proxecto (0 a 6 puntos):
 - Interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado;
 - Beneficio engadido do proxecto para a integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal;
 - A orixinalidade do proxecto;
 - Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:
 - O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación;
 - A mellora da competitividade das PEMES;
 - A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos;
 - A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos;
 - A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A xustificación da congruencia coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no PIC 21-27 e/ou na RIS3-T (0 a 4 puntos).

A puntuación máxima que se pode dar neste apartado de Proxecto é de 10 puntos.

B) SELECCIÓN

As candidaturas seleccionadas serán as que, dentro da súa categoría, teñan no Contido do Proxecto e na congruencia con o PIC21-27/RIS3T nota igual ou superior ás notas de corte definidas pola Comisión de Avaliación.

Para dirimir empates nas puntuacións obtidas por dous ou máis candidaturas, na situación de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, ou por indispoñibilidade financeira, a Comisión de Avaliación seleccionará aquela que teña unha maior puntuación total nos seguintes apartados de avaliación:

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Master ou posgrao relacionado, de 60 ECTS (ou até 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,5 puntos; máis de 60 ECTS (ou máis de 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,75 puntos.
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos.

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas co proxecto a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Experiencia profesional en investigación ou xestión de proxectos de I+D+i: 0,75 puntos por ano dende o 6º ano de profesional.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

5. TÉCNICO DE I+D+i

A) PROXECTO

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- Contido do Proxecto (0 a 6 puntos):
 - Interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado;
 - Beneficio engadido do proxecto para a integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal;
 - A orixinalidade do proxecto;
 - Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:
 - O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación;
 - A mellora da competitividade das PEMES;
 - A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos;
 - A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos;
 - A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A xustificación da congruencia coas prioridades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, recollidas fundamentalmente no PIC 21-27 e/ou na RIS3-T (0 a 4 puntos).

A puntuación máxima que se pode dar neste apartado de Proxecto é de 10 puntos.

B) SELECCIÓN

As candidaturas seleccionadas serán as que, dentro da súa categoría, teñan no Contido do Proxecto e na congruencia con o PIC21-27/RIS3T nota igual ou superior ás notas de corte definidas pola Comisión de Avaliación.

Para dirimir empates nas puntuacións obtidas por dous ou máis candidaturas, na situación de candidaturas nas que a finalidade da estancia e o proxecto sexan sensiblemente similares, ou por indispoñibilidade financeira, a Comisión de Avaliación seleccionará aquela que teña unha maior puntuación total nos seguintes apartados de avaliación:

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Master ou posgrao relacionado, de 60 ECTS (ou até 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,5 puntos; máis de 60 ECTS (ou máis de 500 horas en titulacións non adaptadas ao EEES): 0,75 puntos.
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos.

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas co proxecto a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Experiencia profesional en investigación ou xestión de proxectos de I+D+i: 0,75 puntos por ano (máximo 4 anos).

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.